O NADAL





XXX

certame de xornalismo

certame de poesía

XXX CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:

XUNTA DE GALICIA

XXX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:

A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Presidencia da Xunta de Galicia.

LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 396 - 2006

ARREDOR DO NADAL

Do 2 de decembro de 2006 ó 27 de xaneiro de 2007, é Nadal en Begonte.

Temos o Nadal máis amplo de Galicia, porque levamos trinta e catro anos orientando o noso traballo, tódolos nosos esforzos, a que Begonte sexa – como dixo o poeta – "unha lanzal Galilea", a capital do Nadal en Galicia.

Desde comezos de decembro ata finais de xaneiro, os rapaces dos colexios de Galicia veñen a Begonte a reencontrarse co Belén.

Por seus pais e polos seus profesores, polas súas parroquias e polos medios de comunicación, saben da influencia do Belén no noso mundo, da forza do Belén no seu mundo novo, e veñen a Begonte buscando este belén modesto e sinxelo, que anceia representar o misterio da forma máis inocente, máis humana e –se mo permiten– máis infantil.

Claro que o noso Belén é tamén para os maiores, e para os maiores dos maiores, pero o mandato é facerse nenos, coma nenos, para estar en mellor disposición de crer e querer.

Por eso está –estamos– tan cerca dos nenos, da xente humilde e, polo tanto, do espíritu que anima todo belén.

A todos, ¡Benvidos! A todos, gracias.

Nesta XXXIV edición do Belén Electrónico de Begonte, queremos facervos partícipes, coma sempre, da nosa ilusión, da nosa ledicia e da nosa fe.

¡Feliz Nadal a todos!.



Jesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro Cultural de Begonte

POESÍA

BASES

XXX CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2005 convoca o XXIX Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

1.–Poden concorrer tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.

2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.

3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.

4.–É libre a construcción dos poemas e a medida dos versos.

5.–Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil seis.

7.–Tódolos traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), nadal de 2005.

FALLO DO XURADO

FALLO DO XURADO DO XXX CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL"

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXX CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO (escritor)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario), acordou conceder os premios instituidos:

– PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ó poema NAVIDAD EN BEGONTE, do que resultou ser autor ALFREDO MACÍAS MACÍAS de Huelva.

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros, e estatuíña de Sargadelos, ó poema ESTE ANO, O ZOQUEIRO, de XOÁN X. PINEIRO COCHÓN de Salcedo, Pontevedra.

O Secretario do Xurado

Xulio Xiz Ramil



ALFREDO MACÍAS MACÍAS

Alfredo Macías Macías naceu en Huelva en 1945. Ten obtido máis de 600 premios literarios entre os que destacan o de novela "Casino de Mieres", os de poesía "Rafael Alberti", "Universidad de Murcia" e "Ciudad de Peligros", e os de narrativa breve "Hucha de Plata", "García Pavón" e "Uned".

Ten publicadas as novelas "Memorias de un seductor", "Historias de Al-Andalus" e "El dios Vulcano llora sobre Roma"; os libros de poesía "Ceremonia de la transfiguración" e "El retorno de Ulises", e o ensaio "El fin del Mundo".

A súa última novela publicada, "La casa de las geishas", finalista do Premio Ateneo de Sevilla, é unha crónica da transición democrática española, contemplada a través da epopeia humana de máis de cen personaxes que abarcan tódalas capas sociais.

NAVIDAD EN BEGONTE

LEMA: ARGOS

La Navidad es la eterna interrogante,
la parábola de Dios y su medida,
la esperanza que viene, aquí, al instante,
para darle sentido a nuestra vida...

Y hay un pueblo, Begonte, que es historia,
donde vuelven las voces desoídas,
donde un Belén es lontananza y gloria,
para darnos en Navidad, la bienvenida...

Que es época de paz y los pastores,
vienen de lejos para adorar al Niño,
entre un adagio de risas y colores
y un paisaje, como la luz, hecho de armiño...

Un paisaje gallego eternizado,
que le canta al Amor de los Amores,
los tres Reyes de Oriente se han parado,
en Begonte, entre un jardín de flores...

Y al cabo el porvenir llega y advierte,
que el hombre está solo en su porfía
y llegada la hora de la muerte,
en la Noche inmortal renace el día...

Que es Navidad y caminando, ausente,
el hombre en su ignorancia se resiste,
a ser ave de paso, inútilmente,
buscando encontrar una salida...

Y la vislumbra en Begonte, aquí presente,
ya se siente la paz de atardecida,
que este pueblo trabaja y aquí presiente,
que el Niño Dios ya nació en noche fría...

Porque suena una campana, el hombre existe
y su esperanza continua erguida,
la Estrella de Belén besa la fuente
y calma el fuego de la herida...

Se deshilacha el tiempo, no hay olvido
y resuena en la tarde un villancico,
de tanto recordar lo que he vivido,
mi corazón es pájaro sin nido...

Porque en Begonte el miedo lo he vencido,
mirando su Belén en lontananza
y la estrella vespertina me ha servido,
para poner sensatez en mi balanza...

Para seguir caminando en los umbrales,
ausente de miedo y de pecado,
que en Begonte el viajero halló señales,
del tiempo consumido, esperanzado...

Y halló la Redención del Niño-Dios, sobre la aurora,
donde el mundo detiene sus latidos,
cuando el tiempo nos mide y nos devora,
en Begonte hallé mi ruta y mi camino...

XOÁN XOSÉ PIÑEIRO COCHÓN

Nace en San Martiño de Salcedo, Pontevedra, a mediados dos anos 50. Aínda vive na aldea.

É avogado e xornalista, productor audiovisual e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación en Compostela.

Traballou na radio en Madrid e fundou unha empresa de dobraxe en Vigo. Foi xuíz substituto. Guionista habitual, leva realizado medio cento de documentais por toda Galicia, para empresas e institucións. Ten impartido, ó longo dos últimos 18 anos, unha manchea de materias no eido da comunicación comercial.

Ademais de colaboracións periodísticas, conta cunha ducia de publicacións entre a narrativa e a poesía. Estudia Teoloxía, preside unha Fundación. Amante do vento, pero só na música, gusta do jazz, o cine e a horticultura.

ESTE ANO, ¡O ZOQUEIRO!
LEMA: TINTÍN POR TINTÍN

Velaí entre as luces,
carqueixas e uces
desta Terra Chá
onde os muiñeiros
mailos carpinteiros
andan a lidar,
velaí que chega
disposto e colega
un novo artesán.
Faltaban os zocos
de cachotes ocos
de tanto furar.
E xa hai zoqueiro
mostrando o certeiro
da arte manual.

De achas e toradas
as zocas furadas
¡que lideira dan!
Pra que algún labrego
as leve a ese rego
do antigo labrar.
Namentres o Neno
mostra o seu aceno
con moito alegrar,
no pau do ameneiro
a man do zoqueiro
é un puro furar.

A man fura e fura
lida na procura
da zoca artesá.
E acó unha casula
entre o boi e a mula
tamén mostra as mans.

No berce pequeno,
velaí ese Neno
tan feito pra nós,
e a xente zoqueira
ven velo en fileira
tentando arrorrós.
Tamén os ferreiros
xunto dos canteiros
ben terman do seu,
e as lavandeiras,
dispostas e obreiras,
laboran a treu.
Tan só son figuras,
cativas feituras
de moito lidar.
Á súa maneira
seguen na lideira
coma anos atrás,
e ben que merecen
ser o que parecen
no seu traballar.

Ó fondo, un castelo;
ben custou facelo
ata velo real,
e xa doutra banda,

o gando que anda
na noite a pastar.

Saben de invernia,
agro e gandería
as xentes de acá.
Velaí que veñen
e ó neno que teñen
queren arrandear.
Latrican as vellas,
pacen as ovellas
e a terra está en paz,
e onde os labradores
suspéndense as dores
e cadra outro andar.
Un pesca no río,
outro anda no fio
coma un tecelán.
E alá pola aldea,
corticeira e tea
ben se dan a man.

O gando na leira,
uns reis pola beira
dun río pousón,
e a escena que se abre
cuns anxos de xabre
e un Deus valedor.
Non será labrego,
pra volver ó rego,
mellor ser pastor,
ou un neno oleiro
constante e obreiro
nesta construcción.

Acaso algún día
da carpintería
algo saberá.
Freixos e piñeiros
cerchas ou bidueiros
aínda tallará.
Así, dunha acha
se fura e non racha
un zoco terá.
Dese xeito, malia
dalgunha sandalia,
ben ha de calzar.

Mais no berce agora
xa nin ri nin chora
co sonó que ten.
Non cómpre a madeira,
a terra xabreira
no portal se ve.
E non hai sobrado
nin outro amoblado
có o berce que te ten.
Nin banzo nin piso
nin nada é preciso
pra termar dos pés.
Cortiza e area,
cartón, mofo e tea
dan moito para ver.
¡E a quen se lle conte:
de novo en Begonte
armouse o Belén!

PRENSA

BASES

XXX CERTAME DE XORNALISMO "BEGONTE E O NADAL"

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potencialo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXX CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2006, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 2005.

FALLO DO XURADO

FALLO DO XURADO DO XXX CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXX CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL", formado por D. XOÁN XOSE MOLINA VÁZQUEZ (Delegado provincial de Cultura), presidente; Dª BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emiti-lo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos. Concédese a FRANCISCO PINEIRO GONZALEZ, polo seu artigo "LUZ DA IGUALDADE" publicado no xornal El Progreso.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a ROMÁN ESCOURIDO BASANTA, polo seu traballo "A ESTAMPIÑA DO BELEN", publicado en El Progreso.

O Secretario do Xurado

José Rodríguez Varela



FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ

Mestre nado no Reguengo (Mondoñedo), ten abandeirado experiencias teatrais que cristalizaron na fundación e dirección dos grupos teatrais O Bordelo (Cervo) e A Adala (Fazouro-Foz), cos que leva máis de dúascentas representacións en Galicia e Asturias, con obras da súa autoría.

Ten escrito guións de títeres para programas educativos europeos, guións de teatro radiofónico e textos para teatro de rúa.

Ten obtido os premios "Laxeteatro" 2001, un accésit de poesía no Manuel Oreste 2003, o Premio de Narrativa deste mesmo certame o ano 2004, e o de Xornalismo de Begonte tamén de 2004.

LUZ DA IGUALDADE

Cada Nadal cumprimos coa tradición familiar de visita-lo Belén de Begonte, dende hai máis de trinta anos. Daquela era eu unha nena da idade que hoxe ten a miña filla. Este ano asistimos á inauguración. Cando estabamos na igrexa, escoitando a homilía dos prelados, Rosiña, a miña pequena, tiroume da saia e díxomoe coa súa inxeleza:

–Mira mamá, tamén está Susana e ten un marido negro.

–Xesús! Arrenegado sexa o demo! – exclamou miña sogra, persignándose, cando oiu á neta.

Boteille tan fulminante ollada de reproche que de seguida pidiu disculpas.

–Perdoa, é que eu non entendo estas modernidades – afirmou, rematando a faena.

Modernidades! Calei porque o lugar era sagrado. Crucei os dedos, pechei os ollos e pensei se aquela era a mesma muller que xustificaba as palizas que me propinaba o seu fillo antes de nos divorciar afirmando: "Pobriño, se o fai é porque volta atafegado de traballo, porque o meu fillo malo non pode ser". Como se a bondade ou maldade non saíse de dentro e estivera na cor da pel –pensei-. Que Susana casase cun africano é outro síntoma máis de que as relacións norte-sur chegarán un día a ser normais.

Ó remata-lo acto relixioso dirixímonos ó centro cultural José Domínguez Guizán e, antes de entrar no Belén, Susana veunos saudar. Despois dos bicos de rigor presentounos a Masut. Miña sogra recibiuno cun seco "Ola". Pero Rosiña colleuno da man e levouno ó interior para presentarlle emocionada a tódolos personaxes.

–Fíxate –dicíalle– aqueles que se moven son os reis magos.

–Ah, sí, sí! Los camellos se los ha regalado mi abuelo que vive en el pueblo de Baltasar –aseguraba Masut.

–Mira, mira, un zoqueiro! E agora vén a néboa...

Susana e eu sorriamos felices. Mirei ó meu redor e miña sogra non estaba. Saímos a buscala. Estaba alonxada, soa na encrucillada...

–Vou dicirlle catro palabras ben ditas!

–Quieta! –recomendoume Susana colléndome do brazo-. Non lle digas nada. O racismo nace das limitacións de cada un. Ela soa debe superala. Lembras o que che contei o ano pasado neste mesmo lugar?

–Si. Remataras a carreira e os masters e ías poñerte á fronte das importantes empresas do teu pai.

–Pois, despois de visitar este Belén de Begonte, reflexionei e marchei a áfrica. Non te asustes. Fun explicarlles que este mundo europeo non é tan marabilloso como eles imaxinan. Alí atopei a Masut, un esforzado emprendedor, moi flexible e comprensivo, disposto a demostrarlle ao mundo que a igualdade entre as persoas depende das oportunidades. Arranxeille os papeis e veuse para aquí cunha carta de recomendación para o meu pai. Sabía que o comprendería porque el comezara de polizón na Arxentina e ademais agora necesitaba man de obra eficaz. Masut non tardou en escribir á súa familia, gabando a nosa civilización e contando os éxitos que tan rápido acadaba. Aquela nova correuse polas aldeas, convertiuse nun mar enloquecido que arrastrou nas ondas da esperanza a toda a xuventude da redonda, escollendo os atallos perigosos para reunirse con Masut. Pero a miña sorpresa foi que pasaban os días e as cartas nunca falaban dos que marchaban, non dicía se chegaran ben ou mal. Agora polo Nadal voltei á casa, felicitei ó meu pai por acoller en igualdade cos demais a Masut.

–A quen? –me dixo-. Nas miñas empresas non quero razas raras!

–As razas non existen, papá! –exclamei desesperada-. E a miña carta de recomendación.

Mirou para o caldeiro do lixo e marchou sen dicirme nada.

–Entón onde vivía Masut? –preguntei intrigada.

–Andiven buscando toda esta semana e non mo vas a crer. Atopeino hoxe deambulando pola estrada. Non quere volver para non matar a ilusión dos seus pais nin a esperanza dun pobo pero eu marcharei de novo para construir alá unha fábrica. Nese intre saiu Rosiña na compaña de Masut

–Susana, por favor, pidiu a nena- vinde pasa-la Noite Boa á nosa casa!

E así foi. Unha cea inolvidable. Na madrugada do vintecinco Masut despidiu á miña sogra cunha forte aperta e un bico. Cando ela pechou a porta reflexionou e...

–Para non ser cristiano nin branco non parece mal home, pero ¿que dirán os veciños...?

Eu voltei a pensar no Belén de Begonte onde segue acesa a luz da igualdade.

¡Que nunca xamais se apague!



ROMÁN ESCOURIDO BASANTA

Crego, foi o primeiro viveirés ordeado (1984) desde o Congreso Eucarístico de 1961. Foi nomeado Socio de Honra pola Asociación de Veciños de Bravos e Membro de Honra polo Coro interparroquial de Xove-Cervo. O Centro de Transfusión de Sangue de Galicia premiouno pola súa colaboración na doazón de sangue na mariña luguesa desde 1981.

Con 18 anos acada o segundo premio de poesía das Festas Minervais do Colexio Landro, de Viveiro, e logo o Mexilón de Prata en Vilagarcía de Arousa.

Desenvolve unha moi importante actividade a prol de Cáritas, é delegado de Turismo, peregrinacións e santuarios da súa diocese, e colabora no xornal El Progreso con artigos de temas sociorelixiosos.

No 2004 acadou unha "Mención de honra" neste certame begontino.

A ESTAMPIÑA DO BELÉN

Un día de outono, acompañado polo meu irmán, voaba por un ceo cuberto de nubes enfariñadas.

Mentres que durou a viaxe, ata que aterrou o avión, tivemos tempo para conversar, gozar da paisaxe, e aínda para comenzar a follear un libriño que levaba comigo nunha bolsa pequerrecha.

De súpeto, saíu do libriño un calendario de peto que eu gardaba con moito agarimo. Nel estaba fotografado o Belén de Begonte, que empezara a súa andaina polos anos 70 das mans do crego D. José Domínguez Guizan.

Entón lembrei a historia deste regaliño que eu tanto estimaba.

Un día, como tantos outros, do mes de Nadal, visitara a Sra. Irene, unha velliña que tiña sempre un sorriso de nena inocente.

Despois de falar do mal tempo que ía díxome con moita algarabía: "hoxe tiven un regaliño do meu bisneto Daniel, pois foi a Begonte, ver un nacimento que disque parece de verdade, ás figuriñas só lles falta falar", e proseguía Irene, "tróuxome de recordo unha estampiña onde está retratado o Belén ¡debe dar xenio velo! E Dani foime explicando todas as figuriñas, dicíame: avoa, mira aquí nesta esquiniña están os homes facendo cacharros de barro. Eu replicáballe: chámanse oleiros, agora xa non hai ninguén que se adique a este oficio. Mira meu neno, o barro arrincábano da terra, logo coas mans e coa axuda do torno van acadando distintas formas: xerras, búcaros, potas, tarteiras e outros cacharros.

E Dani emocionado, dicíame: mira aquí están unhas velliñas tecendo, e mais adiante aquelas outras fiando na la coa roca e o fuso. Todo isto contóunolo a mestra, estes instrumentos nunca eu os vira.

E eu díxenlle ao meu netiño canto teño traballado eu tecendo mantas, fiaba na la mentres o sol coa súa cor encarnada escondíase nas montañas.

Agora, xa ninguén traballa deste xeito, agora son as máquinas industriais movidas por uns aparatos as que fan o traballo.

E o neno mirábame cos ollos saltóns. Alí adiante, comentabame o pequeno, están uns homes facendo cestos e acolá outros vanlle dando xeito a unhas zocas. ¿avoa, e ti tiñas zocas?

Eu respondinlle: Si meu rei, claro daquela non había zapatos, só para certas ocasións"

Irene díxome: "¡pois mire que debe estar ben fermoso o Belén!". Engadiu: "Eu imaxineime a Xesús nacendo no medio de nós na Terra Chá. Si, nun pobo de montañas brancas de algodón, de lóstregos que se van perdendo no fondal dunha parede, de ríos que cantan unha doce panxoliña ao recén".

Ao remate dicía a velliña: "O meu Dani, díxome: mira avoíña alí está Herodes que quería matar ao neno Deus; e na corte, alá noutro recuncho está o Neno Xesús e os seus pais, mira están cheos de contento, e alá polo medio daquela montaña pelada veñen os reis, que eran moi bos, tiñan o corazón grande, por iso eran capaces de ver as estrelas pola noite. ¿gústache avoa?

Eu, entón collín a Daniel no meu colo e díxenlle: "Danieliño, meu neno, cando medres e sexas un home, cando te sintas canso e con problemas na vida, cando chegue o Nadal vai de novo ao Belén de Begonte, descubrirás o grande que é Deus, que se fai pequeno para compartir a nosa historia e dicirnos que o máis importante do ser humano é facer o ben e ter un corazón grande para amar".

Á Sra. Irene encharcáronselle os ollos de bágoas e díxome: "Mire señor, hoxe doulle grazas a Deus por todo o que viu o meu neno en Begonte". Levantándose da súa cadeira, coas mans trementes, díxome: "Tome a estampiña do Belén de Begonte, e cando eu morra cada Nadal lémbrese de min e pídalle a Deus que estea gozando con El no Belén da festa eterna".

Eu emocionado biquei a Irene, gardei a estampiña no libro; e agora voando miro pola fiestra do avión e vexo pobos en miniatura, contemplo Begonte, Belén de Xudea e moitos lugares do mundo onde Deus nace no corazón de Irene e de xente con boa fe.

Cando aterramos, treméronme as pernas da emoción que vivín nunha viaxe un día de outono. Agora neste Nadal Irene cantaralle a Deus unha panxoliña no ceo.



XUNTA DE GALICIA

Dirección Xeral de Política Lingüística

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 2006 - XANEIRO 2007